



O PAXARO NO PANTERLO: HOME E TERRITORIO

(Xaime Toxo)

No verán dos anos 30 Daniel Castela, debeu viaxar moito pola Galicia, caderno en man, debuxando as cruces de pedra que despois a Editorial A Nosa Terra publicou como guía ineludible de estudo, de coñecemento e interese artístico.

Daquela viña a Bueu a cotío. Debuxou e admirou o Calvario que aparece no seu libro como un dos únicos que pensa- existen no noso país.



Moitos anos despois, nos veráns dos anos 70, un grupo de mozos andivemos recorrendo tamén as terras de Bueu tentando artellar dende os nosos poucos anos- unha maneira de recuperar a historia, a cultura e os xeitos propios e únicos de relación da xente de aquí coa terra e o mar.

O fio conductor daquelas inquiredanzas enredábasenos nas mans como o choco se enreda no trasmallo.

Sabíamos que había que empezar a preocuparse polos tesouros esquecidos á beira dos camiños antes de que o maretón da irracionalidade afundise o que tiñamos no lameiro desmemoriado do tempo.

A soedade humidade do cimiterio vello, rodeado dunha sebe de buxo; tantas veces observado, tan solitario e inquietante, levounos a buscar outros cruceiros, outras historias de homes e camiños encontrados.

A serenidade atemporal da figura do Rei Baltasar, desaparecido, na Capela dos Santos Reis, parada obrigatoria das nosas subidas á mítica pirulla do Liboreiro. Hoxe tamén increíblemente ferida. Penso





que foron aquelas reflexións, estumballados na herba de Santos Reis ou baixo os carballos na Ermida de San Amedio, quen nos dou a idea de recoller en fotos este fardel de cousas.

Gardar en papel o espírito e a emoción dos intres é moi difícil. A visión das fotos dos vellos tempos, do que xa desapareceu, dos que morreron fai que recuperemos un anaquiño de emoción; pero non as cousas nen as persoas. Ás persoas levanas o vendaval invencible do tempo. Pero... as cousas?

Por que tiveron que desaparecer? Por que perdemos aquela marabilla que era a Salgazón do Can do Penedo na Banda do Río? É hoxe máis fermoso e habitable ese Recuncho? Foi inevitable perder a Praia de Pescadoira, a vella escola de Pirigallo, as pedras da antiga igrexa románica de Bueu, a conserveira de Atilio e o que gardaba? Vai ser irremediable a perda do asteleiro de Purro? Que foi da vella historia conserveira que configurou o noso pobo e que hoxe está practicamente desaparecida, agás o que se

atopa no Museo Massó?

Tantas e tantas cousas. O Bueu de miña mocidade tiña máis que ver seguramente co Bueu do século XIX que co actual. Impedía unha mellor conservación o progreso? Eu coído que non.

Encanar os intres da desfeita coa revisión e recuperación da nosa historia non só é imprescindible para coñecer a verdade dos feitos, senón para ter un proxecto e unha idea de pobo. Ten que ver intimamente con nós, co que fomos e co que serán os nosos fillos.

É sorprendente como funcionan as raíces da identidade. Hai pouco tempo un amigo meu recibiu unha chamada telefónica duna consultora de opinión que lle preguntaba se se sentía máis español que galego, máis galego que español, igual de galego que español, etc; el respondeulle

- Eu síntome de Bueu

Construímos a identidade sobre a arquitectura indeleble da memoria. Conservar a arquitectura das cousas e sobrevivímonos. O demais e sanxenismo.

